

Lei **xx/2022, do xx** de novembro , pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real Decreto lei 18/2022, de 18 de outubro

Exposición de motivos.

A lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 estableceu no seu artigo 11. Dous como as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico definido no artigo 11. Un non poderían experimentar un incremento nas retribucións superior ao 2 por cento con respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2021.

A situación económica xerada da invasión de Ucraína e da crise enerxética, motivou un aumento do coste da vida polo impacto da inflación, sendo necesario paliar os efectos no poder adquisitivo dos empregados do sector publico neste mesmo exercicio presupuestario.

Neste escenario, a Administración Xeral do Estado aproba unha subida adicional do 1,5% das retribucións do persoal ao servizo do sector público co gallo de compensar os efectos da inflación. Así, para o ano 2022 o Real Decreto-lei 18/2022 de 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como as medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca, no seu artigo 23 aproba, con efectos do 1 de xaneiro do 2022, un incremento adicional do 1,5 por cento respecto ás retribucións vixentes a 31 de decembro de 2021.

Dita normativa ten carácter básica, de xeito que o incremento salarial dos empregados do sector publico autonómico será dun máximo do 3,5 por cento con carácter consolidable, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022. Este incremento adicional do 1,5% ao xa previsto do 2% nos orzamentos do ano 2022 se materializará no mes de decembro deste ano, aboándose como atrasos o incremento correspondente aos meses de xaneiro a novembro.

Por último, a extraordinaria e urxente necesidade que xustifica a articulación desta medida a través dunha lei de lectura única ven motivada por unha banda pola recente publicación do Real Decreto-Lei no BOE do 19 de outubro como pola imposibilidade material de materializar o incremento retributivo no mes de decembro do 2022 si se articulara a través da tramitación ordinaria dun proxecto de lei.

Artigo único. Retribución de carácter extraordinario para o persoal do sector público autonómico

Un. Retribución de carácter extraordinario para o persoal do sector público autonómico.

1. Adicionalmente ao disposto nos capítulos I e II do Título II da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, as retribucións do persoal do sector público autonómico definido no artigo 11. Un da citada Lei experimentarán un incremento adicional do 1,5 por cento respecto as vixentes a 31 de decembro de 2021.

2. Este incremento adicional aplicarase con efectos de 1 de xaneiro de 2022 e calcularase sobre as retribucións vixentes á 31 de decembro de 2021, de xeito que a suma deste incremento adicional do 1,5 por cento e do xa previsto no artigo 11.Dous da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, consolidará, en todo caso, un incremento retributivo global máximo para o exercicio 2022 do 3,5 por cento.

3. Dito incremento adicional se materializará no mes de decembro de 2022, aboándose, no seu caso, como atrasos o incremento correspondente aos meses de xaneiro a novembro desde ano.

Dous. Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades instrumentais.

1. Para os efectos do previsto no punto Un, para o cálculo das cantidades correspondentes ao mencionado período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2022, utilizaranse as regras de cómputo aplicables a cada tipo de persoal de acordo co réxime xurídico en vigor no momento en que se produciu a devindicación das retribucións.

2. O cálculo do importe a percibir efectuarase na parte proporcional que resulte en función do tempo de servizos efectivamente realizado no dito período.

Tres. Persoal ao servizo dos órganos estatutarios de Galicia.

Os órganos estatutarios realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal a medida recollida no punto un anterior, co seu mesmo contido e alcance.

Catro. Persoal do Sistema Universitario de Galicia.

1. As universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal a medida recollida no punto un anterior, co seu mesmo contido e alcance.

2. Para os mencionados efectos, as transferencias do fondo estrutural do Sistema Universitario de Galicia incrementaranse **XXXXXX**

3. Así mesmo, os custos de persoal máximos das universidades de Galicia establecidos no artigo 34 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, quedan establecidos nas seguintes contías, expresadas en miles de euros:

Cinco. Persoal do ensino concertado en réxime de pagamento delegado.

1. Adicionalmente ao disposto na disposición adicional décimo segunda da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, os compoñentes dos módulos económicos para o sostemento do centros concertados previstos no Anexo IV de dita Lei correspondentes a “Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais”, “Gastos variables” e “Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais” experimentaran un incremento adicional do 1,5 por cento respecto aos importes previstos nos módulos vixentes á 31 de decembro de 2021.

2. Dito incremento aplicárase con efectos do 1 de xaneiro do 2022 ao persoal docente do ensino concertado en réxime de pagamento delegado que prestou servizos entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2022.

Seis. Créditos extraordinarios.

1. Para atender as obrigas de pagamento derivadas desta lei, concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 23 «Gastos de diversas consellarías», servizo 02 «Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos», programa 621B «Imprevistos e funcións non clasificadas», capítulo I «Gastos de persoal», artigo 18 «Fondo retributivo», por importe de **xxxxx** €.

2. Con cargo ao crédito extraordinario xerado no punto anterior, realizaranse as correspondentes transferencias de crédito para, no seu caso, dotar nas seccións do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma os créditos precisos para proceder ao aboamento da retribución de carácter extraordinario recollida nos números anteriores.

3. Ás transferencias que se realicen en aplicación do disposto no número 2 deste artigo non lles será de aplicación a limitación establecida nos artigos 68 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e 8 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Sete. Financiamento do crédito extraordinario.

O crédito extraordinario que se concede nesta lei financiarase con cargo aos remanentes de crédito **XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX**, nos que se practicarán as correspondentes retencións polo centro directivo competente en materia de orzamentos para proceder á súa baixa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación*

Autorízase a consellaría competente en materia de facenda para que efectúe as transferencias de crédito oportunas nas partidas orzamentarias nas que se incrementa o gasto correspondente derivado da aplicación desta disposición, así como para ditar as instrucións necesarias para a súa efectividade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*